



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

En Arcade, 22 de xaneiro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG n.º 73 do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, a entidade Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, CIF: V36621282, representada por Don José Manuel Rosas Otero (DNI 35278459R), presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, en virtude dos artigos 13 e 14 dos seus estatutos ratificados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o 19 de outubro de 2004 (DOG núm. 218, do 9 de novembro de 2004).

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

Terceiro

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e da capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e actúa como órgano de consulta e colaboración coa administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a coordinación, xestión e representación dos intereses económicos e sociais comúns das confrarías que a integran.



Cuarto

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra está inscrita no folio 2 do tomo 3 do Rexistro de Confrarías e das súas Federacións, creado pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.

Quinto

Que no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobado polo Consello da Xunta con data 17/10/2024, figura no capítulo IV de Transferencias Correntes, concepto 16.03.722A.481.4, proxecto 2014 00639, a dotación orzamentaria destinada ao financiamento de gastos correntes da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra co fin de financiar os gastos correntes que se produzan no ano 2025 como consecuencia das actividades que desenvolva a federación ao longo do referido exercicio.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio ven determinado polo que nel se establece; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e pola demais normativa que sexa de aplicación.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula décima. Contra as resolucións que dite a devandita comisión, e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpor o oportuno recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería do Mar aportará á finalidade do mesmo a cantidade de cento vinte e cinco mil euros (125.000 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 16.03.722A.481.4, proxecto 2014 00639, partida orzamentaria 16.03.722A.481.4, proxecto 2014 00639, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobado polo Consello da Xunta con data 17/10/2024, mediante asignación nominativa.

En consecuencia, o presente convenio tramítase como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente e axeitado no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025. Por conseguinte, acóllese ao establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, quedando sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2025.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables aqueles realizados pola beneficiaria como consecuencia das actividades que desenvolva, que fosen realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025:



a. Gastos de contratación de persoal (incluídas as asistencias técnicas puntuais de profesionais). Os gastos imputables á contratación de persoal reduciranse na parte equivalente aos axustes retributivos derivados do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobado polo Consello da Xunta con data 17/10/2024, e relativos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

b. Amortizacións e outros gastos correntes (arrendamentos, reparacións, material de oficina, auga, enerxía eléctrica, combustibles -gases, gasóleos, gasolinas-, limpeza, teléfono, correos, así como todos aqueles de similar natureza).

c. Gastos financeiros e asimilados. Non serán, en ningún caso, subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargos e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Si serán subvencionables as restantes comisións bancarias, incluídas as comisións de apertura e os xuros de pólizas de crédito e préstamos.

d. Indemnizacións por razón do servizo:

d.1 Axudas de custo.

Aloxamento e manutención: son as cantidades que se deveñan diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia habitual, sempre que estea directamente relacionada coa actividade da federación.

Gastos de viaxe: é a cantidade que se aboa pola utilización de calquera medio de transporte e por razón do servizo.

d.2 Asistencias.

Entenderase por asistencia a indemnización que proceda aboar pola concorrencia a reunións da federación.

O procedemento para a determinación das contías para as indemnizacións por razón do servizo virán determinadas nos respectivos estatutos da federación.

Non obstante, o gasto imputable por razón do servizo previsto no antedito punto d.1 (axudas de custo) terá o seu límite nas contías que para estas indemnizacións se establecen para o persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia, para o grupo 2º, no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 96/2011, de 5 de maio. Terase en conta o establecido no apartado catro do artigo 12º do Decreto 144/2001 do 7 de xuño.

Para os efectos do artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.



En virtude da prerrogativa concedida polo artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia considerarase gasto subvencionable o correspondente a unha actividade, servizo ou subministración consumida no ano 2025, aínda que non estea pagado no momento de presentar a xustificación, sempre que estea emitida a factura ou documento de valor probatorio equivalente.

QUINTA. OBRIGAS

Son obrigas da beneficiaria, consonte o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a. Xustificar ante a Consellería do Mar o cumprimento dos requisitos e condicións recollidas no presente convenio, coa achega dos documentos e **certificados** aos que se fai alusión nas súas cláusulas.
- b. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro a efectuar polos órganos desta Consellería, así como por outros órganos de control competentes (Intervención Xeral, Consello de Contas, Tribunal de Contas ou órganos Comunitarios) aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das referidas actuacións.
- c. Comunicarlle á Consellería do Mar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- d. Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos consonte á lexislación sectorial que lle sexa de aplicación, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- e. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita Lei 9/2007.

A beneficiaria consinte a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007.

A beneficiaria deberá ter cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 do capítulo VI e nas seccións 3ª e 4ª do capítulo IX do **Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro**, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, segundo se establece na **Disposición adicional segunda** do devandito decreto.

A tal efecto, deberá aportarse, antes de que se proceda ao libramento de ningunha cantidade, a **certificación** acreditativa do cumprimento das devanditas obrigas, asinado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.



Será condición necesaria para a sinatura do presente convenio que as retribucións do persoal da federación estean adaptadas ao disposto no Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobado polo Consello da Xunta con data 17/10/2024. Este requisito será acreditado mediante **certificación** do/a secretario/a da federación xunto coa debida xustificación documental que proceda.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través da conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da **memoria económica xustificativa** do custo das actividades realizadas, que incluíra a seguinte documentación:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo/a secretario/a da federación co visto e prace do seu presidente.

Tanto a presentación das facturas, que deberá de realizarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como a súa relación ordenada, son requisitos imprescindibles para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Todos os gastos que se presenten nas xustificacións deberán vir acompañados dos comprobantes de pago por calquera dos medios admisibles, excepto na derradeira xustificación, na que se admitirán como gastos realizados aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e realizados dentro do ano 2025, non sendo necesario o pago previo por parte da beneficiaria.

A beneficiaria deberá achegar, na derradeira xustificación, unha **certificación** do/a secretario/a da federación que conterá unha relación dos gastos non pagados, xustificando a imposibilidade do seu pagamento. No prazo dun mes, a contar dende o cobro da axuda, débese remitir o comprobante bancario para o seu arquivo no expediente.

b. Os orixinais das facturas ou documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico ou con eficacia administrativa e os recibín incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.



Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven pagos a conta do IRPF e/ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe das cotas deberase presentar co documento acreditativo da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate do prazo legalmente establecido para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

c. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará, de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido. Cando a actividade subvencionada con cargo a este convenio estea relacionada con accións que teñen outro financiamento, deberá achegarse informe detallado de separación dos gastos imputados a cada unha das axudas ou aportacións.

d. Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.

e. Cos gastos derivados das indemnizacións por razón do servizo achegarase unha declaración xurada na que se relacione nome, apelido, relación ou vínculo coa federación e a actividade que xera o gasto. Nos gastos relativos a viaxes, ademais, deberán de expresarse nesta declaración xurada o obxecto de tales viaxes e a súa duración.

Igualmente, achegarase **certificación** do/a secretario/a da federación, co visto e prace do/a seu/súa presidente/a, na que se recolla o acordo do órgano competente polo que, de conformidade co disposto nos estatutos da federación se aproban as contías por este concepto. Ademais, nesta **certificación** deberán relacionarse estes gastos indicando o nome e apelidos da persoa causante, o seu vínculo coa federación, así como lugar, data, hora e motivo do desprazamento que orixine a indemnización. Esta certificación non incluírá os gastos por subministración do combustible consumido polos vehículos da federación cando son utilizados polos seus cargos e polo seu persoal para o cumprimento dunha comisión de servizo con dereito a indemnización, xa que o combustible consumido nestes casos, é un gasto elixible integrado no apartado b) da cláusula cuarta do convenio, relativo ás amortizacións e outros gastos correntes, procedendo, polo tanto, a súa liquidación segundo o indicado no apartado 1 letras a) e b) da presente cláusula sexta.

Todos os gastos por indemnización por razón do servizo deberán estar directamente relacionados coa actividade da federación.

2. Lugar de presentación da documentación Toda a documentación da xustificación deberá achegarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.



De acordo co establecido no artigo 62 e 65 4 f) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de, polo menos, o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria. Estes pagamentos parciais, de xeito individual ou acumulado, nunca poderán superar o 80% da cantidade establecida na cláusula terceira do convenio.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o 16 de novembro de 2025, coa excepción dos gastos correntes do mes de decembro, que poderán presentarse ata o 15 de decembro e que deberán de estar indicados como previsións nun anexo á memoria presentada no mes de novembro.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para os efectos desta xustificación consideraranse gastos aqueles realizados durante o ano 2025, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de **certificación** favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de 25.100,00€. Dado que a axuda está financiada con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, "*Transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro*", queda exonerada da constitución de garantía, ao abeiro do artigo 65-4º f) do antedito Regulamento da Lei 9/2007.

Consonte ao disposto no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, no seu parágrafo h) relativo á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social, "*a obriga de presentar a certificación prevista no artigo anterior poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos seguintes casos: h) as subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo IV, transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro*"



SÉTIMA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illada ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

OITAVA. PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

As partes asinantes deberán cumprir cos deberes derivados da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes. Así mesmo, a Federación acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto nos decretos 126/2006, do 20 de xullo e 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Xunta de Galicia e os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas consecuencias que se deriven deste convenio.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento, composta por dous membros a designar por cada unha das partes asinantes. Por parte da federación, serán o/a presidente/a e o/a secretario/a e por parte da Consellería, un/unha subdirector/a e un/unha xefe/a de servizo pertencentes á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.



UNDÉCIMA. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle á administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no título I da citada Lei.

No relativo ás obrigas específicas de información sobre convenios e subvencións, estarase ao previsto nos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e 132/2006, do 27 de xullo.

DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

Serán causa de resolución deste convenio as recollidas na Lei 9/2007 e, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A subvención concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos concordantes do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e as que figuran na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados, dende o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, darán lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.



b. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

No caso de incumprimento das cláusulas do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestímulo pola beneficiaria, procederase á súa inmediata resolución. Se concorren tales supostos, reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

En todo caso, a beneficiaria sométese á normativa vixente en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará vixente dende a data da sinatura e ata o 31 de decembro do 2025, agás que sexa denunciado cun mes de antelación, polo menos, por algunha das partes, por incumprimento das estipulacións que nel se recollen.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

En Arcade, 22 de xaneiro de 2025

Pola Consellería do Mar

O conselleiro

Alfonso Villares Bermúdez

**Pola Federación Provincial de Confraría:
de Pescadores de Pontevedra**

O presidente

José Manuel Rosas Otero